



Para o seu coñecemento e efectos notifícaselle a seguinte Resolución de Alcaldía de data 27 de xaneiro de 2017 de convocatoria da sesión extraordinaria de Pleno:

## “RESOLUCIÓN ALCALDÍA CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO

Considerando a providencia de alcaldía de xustificación da celebración extraordinaria da Comisión informativa para celebrar tamén un pleno extraordinario.

De conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Convocar sesión extraordinaria do Concello Pleno a celebrar o 1 de febreiro de 2017, mércores, ás 20:00 horas en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria.

**SEGUNDO.-** Fixar a seguinte ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 16.11.2016.
- 2.- MODIFICACIÓN REPRESENTANTES CONSELLOS ESCOLARES.
- 3.- MODIFICACIÓN ORDENANZA NÚMERO 11.
- 4.- MODIFICACIÓN ORDENANZA NÚMERO 18.
- 5.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

**A.-RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 24 DE NOVEMBRO DE 2016 (NÚM. 546) ATA O 19 DE XANEIRO DE 2017 (NÚM. 49).**

**B.- MOCIÓNS.**

**C.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**TERCEIRO:** Notificar a presente Resolución aos Srs. Concelleiros membros do órgano colexiado e á Interventora municipal, advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir a citada sesión.

**CUARTO:** Que pola Secretaría e a Intervención, se poña a disposición do Srs. Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día”.

O que lle dou traslado pola súa condición de interesado.

Coristanco, 27 de xaneiro de 2017



M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas

